

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 16 DE SETEMBRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se autoriza a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Poio para a execución da actuación de saneamento "novo bombeo e depósito de retención da seca e mellora da estación de bombeo de augas residuais (EBAR) de Porto Campelo. Poio (Pontevedra)", cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 60 % do gasto elixible, no marco do programa Galicia FEDER 2021-2027, por importe de catro millóns vinte e oito mil sesenta e sete euros con cincuenta céntimos (4.028.067,50 €).
- Acordo polo que se autoriza a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ares para a execución da actuación de "mellora do sistema de abastecemento de Ares (A Coruña)", cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (feder) nun 60 % do gasto elixible, no marco do programa Galicia FEDER 2021-2027, por importe de catro millóns douscentos sesenta e tres mil seiscentos cincuenta e dous con once céntimos (4.263.652,11 €).
- Acordo polo que se toma razón da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ante as autoridades europeas en relación a cuestión prexudicial dos eólicos.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o financiamento dos gastos de limpeza dos centros públicos integrados, por un importe de 658.864 € e se autoriza a exención de da constitución das medidas de garantía previstas na normativa autonómica de subvencións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello do Porriño para o desenvolvemento e execución do “Plan España te protege contra la violencia machista” no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Importe: novecentos noventa e nove mil setecentos trinta e seis euros con sesenta céntimos (999.736,60€).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Boimorto, para a execución das obras de Humanización da rúa da Sobreira e da Gándara, no lugar de Vilanova, por un importe de douscentos oitenta e catro mil cento oitenta e un euros con cincuenta céntimos (284.181,50 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Outes, para a execución das obras de Conexión do paseo fluvial co centro urbano na Serra de Outes, por un importe de noventa e tres mil novecentos trinta e oito euros con sesenta e cinco céntimos (93.938,65 €).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición directa, mediante compra, por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo, de 143 vivendas protexidas de promoción pública que están á venda en publicidade permanente polo procedemento de segundas transmisións, por un importe de oito millóns cincocentos sesenta e nove mil trescentos vinte e un euros (8.086.712,27 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de evolución da plataforma de analítica de datos cara ao modelo *data fabric – data mesh* e integración en espazo nacional de datos de saúde e o desenvolvemento de cadernos de mando cos indicadores definidos no grupo de traballo 1.2 do Plan de transformación dixital da atención primaria e comunitaria do Sistema nacional de saúde (2 lotes), financiado no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado por un importe total de licitación de dous millóns trescentos vinte mil trescentos euros con oitenta e catro céntimos, con IVE (2.320.300,84 €) e un valor estimado de cinco millóns trescentos trinta e tres mil trescentos trinta e dous euros con oitenta céntimos, sen IVE (5.333.332,80 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se toma coñecemento da Resolución conxunta do 6 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se convoca o programa educativo “Que non te lén, ti elixes” dirixido a centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso 2024/25.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón dos datos da actividade dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario en 2023.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da implantación das estratexias de desenvolvemento local participativo aprobadas aos GALP pola Consellería do Mar no marco do FEMPA 2021-2027

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre o inicio do curso académico 2024/2025 no Centro Superior de Hostalaría de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre o sistema de saneamento no Concello de Ferrol.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre a convocatoria do Bono Concilia Familia para o ano 2024.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a mellora da competitividade das empresas a través da formación de mandos directivos e intermedios.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a posta en marcha da plataforma de automatización da Xunta de Galicia.
- Informe balance dos métodos de pagamento da Axencia Tributaria de Galicia e o seu uso.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a nova estratexia de vacinación fronte ao virus de papiloma humano en Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre o Teatro Fraga de Vigo: un espazo cultural aberto á cidadanía.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe das actividades desenvolvidas no campus de igualdade durante o curso 23/24, así como da planificación para o primeiro semestre de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 3,6 M€ A OPTIMIZAR A REDE DE SANEAMENTO DE POIO E 1,7 M€ A MELLORAR O SISTEMA DE ABASTECIMENTO DE AUGA DE ARES

- O Consello autorizou a sinatura dun convenio de colaboración con cada un dos concellos para coordinar as actuacións que se van desenvolver nos próximos anos
- As obras en Poio buscan optimizar o funcionamento do sistema de saneamento municipal mediante a execución dun depósito de retención de auga e a renovación ou adecuación das infraestruturas de bombeo existentes na contorna
- Os traballos no concello de Ares teñen como finalidade poñer á disposición da cidadanía auga potable de calidade, presións de subministración axeitadas e garantir en todo momento o servizo, así como dotar o municipio dunha capacidade de reserva suficiente para afrontar posibles situacións de emerxencia ou escaseza
- Estes acordos son unha mostra máis do apoio do Executivo galego aos concellos no exercicio das súas competencias, para o que a Comunidade reservou este ano máis de 110 millóns de euros nos seus orzamentos para actuacións de saneamento, depuración de augas e abastecemento

A Xunta, a través de Augas de Galicia, vai investir nos próximos anos máis de 3,6 millóns de euros en distintas actuacións para optimizar o funcionamento da rede de saneamento do concello de Poio (Pontevedra) e arredor de 1,7 millóns de euros en melloras no sistema de abastecemento do concello de Ares (A Coruña).

O Consello aprobou hoxe os acordos polos que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración cos dous concellos para executar os traballos, que en total superan un investimento conxunto de máis de 8 millóns de euros, dos que o Executivo galego achegará algo máis de 5,3 millóns de euros.

No caso de Poio, o convenio de colaboración entre os Gobernos autonómico e local terá vixencia ata 2027 -coa posibilidade de prórroga posterior- cun investimento total de algo máis de 4 millóns de euros cofinanciados pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder 2021-2027). Deles, máis de 3,6 millóns de euros serán achegados por Augas de Galicia e os arredor de 402.000 euros restantes corresponden ao Concello de Poio.

O obxectivo das actuacións é optimizar o funcionamento do sistema de saneamento municipal mediante a execución dun depósito de retención de auga previo ao bombeo da Seca e integrando este depósito na nova instalación. A maiores, vanse renovar os bombeos de Porto Campelo e Mirador e completarse a adecuación do bombeo de Froiz para mellorar o seu funcionamento.

Coa execución destas melloras na rede avanzarase no tratamento adecuado das augas residuais da zona e contribuirase á protección do ambiente e ao desenvolvemento sostible da contorna.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto ao convenio co Concello de Ares, terá vixencia ata 2028 -coa posibilidade de prórroga posterior- cun investimento total de preto de 4,3 millóns de euros cofinanciados pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder 2021-2027). Deles, Augas de Galicia achega algo máis de 1,7 millóns de euros e o Goberno local os case 2,6 millóns de euros restantes.

A finalidade dos traballos incluídos no acordo é mellorar o sistema de abastecemento de auga de Ares actuando nas infraestruturas existentes e construíndo outras novas para poñer á disposición da cidadanía auga potable de calidade, presións de subministración axeitadas e garantir, en todo momento, a prestación do servizo ao conxunto da veciñanza do municipio. Ao mesmo tempo, búscase dotar o concello dunha capacidade de reserva de auga potable en cantidade adecuada para afrontar posibles situacións de emerxencia e escaseza.

As obras proxectadas suporán a construción dun depósito de regulación para auga potable de 3.400 metros cúbicos de volume de almacenamento, a creación dunha liña de adución de 2,5 quilómetros de lonxitude desde a conducción xeral na contorna do lugar da Barca e a construción dunha liña de distribución xeral de 1,6 quilómetros desde ese novo depósito ata a súa conexión á rede existente na zona de Pedrós.

A estas actuacións engádense outras complementarias como a instalación de distintas cámaras -unha de derivación e medición de caudal, outra antiinundación, unha de *bypass* entre as liñas de adución-distribución e outra de regulación de presión na entrega á rede de distribución secundaria-, unha liña de baleirado e desbordamento desde o depósito de auga ata o medio acuático receptor de 1,5 quilómetros de lonxitude, a instalación de equipamentos de control e a urbanización nas zonas de actuación.

A rede proxectada, que contará con todos os elementos auxiliares necesarios para unha operación controlada e segura do sistema, dará servizo a unha poboación equivalente no concello de Ares de 6.751 habitantes con horizonte en 2045.

Colaboración cos concellos

A sinatura de ambos os convenios, unha vez autorizada polo Consello da Xunta, realizarase nas vindeiras semanas co obxectivo de comezar coas actuacións o antes posible. Deste xeito, Augas de Galicia avanza na colaboración cos concellos -que son os competentes en materia de abastecemento, saneamento e depuración- para contribuír a profesionalizar a xestión da auga, garantir o bo estado ecolóxico dos ríos e das rías de Galicia e a mellorar a calidade duns servizos que son básicos para a cidadanía.

De feito, ese compromiso cos Gobernos locais reflíctese nos orzamentos do Executivo galego deste ano, cun total de 85 millóns de euros asignados a distintas actuacións de saneamento e depuración de augas -incluíndo a explotación de 28 depuradoras cuxa xestión foi cedida á Xunta polos concellos- e 23 millóns de euros na mellora dos sistemas de abastecemento municipais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LOGRA O AVAL DA UE Á LEI DE ADMINISTRACIÓN AMBIENTAL COMO VÍA PARA SIMPLIFICAR A TRAMITACIÓN DE PROXECTOS ENERXÉTICOS E INDUSTRIAIS CLAVES PARA GALICIA

- O Consello tomou razón hoxe dos resultados da viaxe institucional a Bruxelas da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático na busca de solucións ante a parálise eólica que está a sufrir Galicia e o impacto das últimas decisións xudiciais
- Rueda lembra a importancia de buscar solucións a un parón que afecta aos parques eólicos e “a proxectos industriais” que dependen da enerxía que lles subministren
- Ángeles Vázquez califica de “satisfactoria e positiva” a viaxe na que a UE “avalou o rigor e traballo de Galicia” en materia de enerxías limpas
- A Comisión Europea trasladou ao Executivo galego que participará na cuestión prexudicial elevada polo TSXG e que pon en dúbida a Lei estatal de avaliación ambiental de 2013, aplicada pola Xunta na tramitación dos proxectos eólicos
- A Representación Permanente do Estado (REPER) en Bruxelas tamén informou de que o Goberno central tomou a decisión de comparecer neste procedemento, no que se discute a conformidade da lei básica estatal coa normativa comunitaria
- As autoridades comunitarias e o REPER comparten a inquedanza da Xunta de que o bloqueo á implantación de parques en Galicia se estenda a España e ao resto da UE

A Comisión Europea (CE) avala a decisión da Xunta de impulsar a Lei de administración ambiental simplificada de Galicia como un instrumento normativo que reforce a seguridade xurídica tanto desde o punto de vista dos promotores como das administracións públicas e permita axilizar, sempre con plenas garantías medioambientais, a tramitación de novos proxectos de desenvolvemento enerxético e industrial que resulten claves para o futuro da comunidade.

Así o anunciaron o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, e a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, logo de que o Consello tomase hoxe razón dos resultados da rolda de contactos que mantivo a semana pasada en Bruxelas a responsable autonómica. Tal e como lembrou o presidente, mantivéronse reunións con representantes da Comisión Europea e da Representación Permanente do Estado na UE (REPER) para abordar “a situación que está a provocar o parón eólico en Galicia” e que afecta non só aos parques senón “a proxectos industriais” que precisan da súa enerxía para poñerse en marcha.

Vázquez indicou que o balance desta viaxe “é satisfactorio e positivo” xa que a UE avalou o rigor e bo traballo de Galicia en materia de enerxías renovables.

En concreto, a viaxe serviu para que a Xunta expuxese ante as autoridades europeas os principios inspiradores da futura Lei galega de administración ambiental simplificada, unha norma aliñada co obxectivo de acelerar o desenvolvemento das enerxías renovables na UE e a declaración do seu interese público superior, así como doutros proxectos industriais de calado, sempre co máximo respecto á protección ambiental.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A lei e os seus obxectivos foron moi ben recibidos por parte dos interlocutores comunitarios, que coincidiron, ademais, na necesidade de avanzar cara á simplificación e na regulación de procedementos máis sinxelos e igual de garantistas que non dilaten os prazos de tramitación de proxectos aliñados cos obxectivos comunitarios de transición enerxética, como, por exemplo, os eólicos.

De feito, o bloqueo na implantación de máis potencia eólica en Galicia foi o tema central das reunións en Bruxelas, onde a conselleira expuxo a gran preocupación da Xunta ante a parálise que sofre este sector na Comunidade nos últimos anos, debido ao goteo constante de recursos xudiciais contra as resolucións de autorización de novos parques que se ían emitindo.

Neste sentido e con relación á cuestión prexudicial sobre a tramitación eólica elevada en xuño polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ante Europa, a Xunta insistiu na importancia que terá o pronunciamento do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE), dado que clarificará se o procedemento aplicado en España a todas as avaliacións ambientais é o correcto –tal e como defende Galicia– ou se a norma vixente que o regula, a Lei estatal de avaliación ambiental de 2013, non recolleu adecuadamente a normativa da UE neste eido. Esa futura sentenza comunitaria permitirá acabar así cunha situación de inseguridade xurídica que se podería estender ao resto de España e da UE.

Ao respecto, os responsables tanto do Servizo Xurídico como da Dirección Xeral de Medio Ambiente da CE trasladaron que, por petición do TXUE, remitirán cadanseus informes para fixar a súa postura perante á cuestión prexudicial iniciada desde o TSXG.

Ademais e no marco da reunión mantida con membros da REPER, a Xunta foi informada da decisión do Executivo central de comparecer tamén no referido procedemento, que cuestiona a norma sectorial básica do ano 2013 na que se enmarca a tramitación ambiental realizada polo Goberno autonómico no caso dos proxectos eólicos e a súa conformidade coa lectura que fai o tribunal galego da lexislación comunitaria.

Tras coincidir na transcendencia non só para Galicia senón para toda a UE de que a Xustiza europea fixe de forma clara e definitiva a interpretación correcta da norma comunitaria –que incorporou a Lei estatal de avaliación ambiental–, ambas as partes avaliaron a pertinencia de manter unha reunión técnica entre o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para abordar con detalle a cuestión prexudicial e a situación eólica en Galicia.

Perda do liderado eólico nacional

Na actualidade a comunidade conta cun total de 190 parques eólicos en funcionamento, que suman unha potencia de 3.905,68 MW. En todo caso, cómpre lembrar que o Plan sectorial eólico de Galicia prevé a implantación de 6.500 MW de potencia eólica e na Axenda enerxética galega fixouse como obxectivo alcanzar no horizonte do ano 2030 os 8.000 MW, polo que aínda hai marxe para a implantación de novos parques.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Non entanto e debido á situación de bloqueo que afecta o sector en Galicia desde o ano 2020, no día de hoxe hai 135 parques eólicos autorizados, pero non operativos, dos cales 104 están recorridos e 64 teñen a autorización suspendida por orde xudicial.

De feito, tal e como indicou a conselleira, “a Comunidade pasou de ser líder en España en potencia eólica instalada a caer ata a cuarta posición”, un retroceso que ten a súa razón principal na parálise que afecta este sector de forma particular en Galicia e que lle impide avanzar á vez nos obxectivos de descarbonización e loita contra o cambio climático que promulgan todas as institucións comunitarias para o conxunto de rexións e estados membros.

Cómpre lembrar que, en liña coa normativa europea de transición enerxética e aceleración dos procedementos de autorización de enerxías renovables para acadar a neutralidade climática, a Lei galega de medidas fiscais e administrativas de 2023 declarou de interese público superior a planificación, construción e explotación dos parques eólicos de competencia autonómica co fin de axilizar a súa tramitación.

Na mesma liña, a futura Lei de administración ambiental simplificada de Galicia –que pechou a fase de consulta pública previa a comezos de setembro– buscará avanzar tamén na axilización dos trámites de proxectos de especial interese e transcendencia para a comunidade, entre os que destacan particularmente aqueles relacionados coa aposta polas enerxías limpas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ CASE 659.000 Á FEGAMP PARA FINANCIAR OS GASTOS DE LIMPEZA DE CENTROS EDUCATIVOS DE 34 CONCELLOS

Renóvase un curso máis este acordo que beneficia 12 concellos da provincia da Coruña, oito da de Lugo, sete da de Ourense e sete da de Pontevedra

A Xunta de Galicia destinará 658.864€ á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para financiar os gastos de limpeza de 34 centros públicos integrados (CPI) de 34 concellos de toda a xeografía galega. O Consello da Xunta deu luz verde á renovación deste convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e a FEGAMP, de tal forma que a entidade municipal contratará o servizo para os colexios e sufragarao coa achega do Goberno galego.

O obxectivo deste acordo é manter unha coordinación entre administracións que permita a prestación de servizos públicos do xeito máis eficaz e eficiente posible. Deste xeito evítanse tamén duplicidades e favorécese un uso responsable dos recursos.

A acción enmárcase no acordo marco asinado pola Consellería e a FEGAMP no ano 2008 para o desenvolvemento do pacto local en materia de educación, segundo o cal o departamento educativo da Xunta de Galicia asumiu os gastos derivados do servizo de limpeza destes centros logo da adhesión dos respectivos concellos ao citado acordo marco. Os centros públicos integrados son unha tipoloxía de centros educativos radicados en zonas de baixa poboación que acollen alumnado das etapas de Infantil, Primaria e Secundaria.

Cómpre lembrar que a limpeza dos colexios é competencia municipal e a dos institutos é autonómica. No caso dos centros públicos integrados, que aglutinan ensinanzas de Primaria e de Secundaria, a limpeza faise en colaboración entre ambas as administracións a través de convenio, coma o que hoxe se autoriza.

Centros beneficiados

Os centros obxecto do convenio son, na provincia da Coruña, os CPI Cruz de Sar (Bergondo), Antonio Orza Couto (Boqueixón), Vicente Otero Valcárcel (Carral), O Cruce (Cerdeira), Eusebio Lorenzo Baleirón (Dodro), A Xunqueira (Fene), da Picota (Mazaricos), de Xanceda (Mesía), Virxe da Cela (Monfero), dos Dices (Rois), de Bembibre (Val do Dubra) e de Vedra (Vedra).

Na provincia de Lugo beneficianse os CPI Luis Díaz Moreno (Baralla), de Castroverde (Castroverde), de Cervantes (Cervantes), Virxe do Monte (Cospeito), de Seoane (Folgo do Courel), Tino Grandío (Guntín), Uxío Novoneira (Pedrafita do Cebreiro) e San Tomé de Carballo (Taboada); mentres que na de Ourense inclúense os CPI Tomás Terrón Mendaña (Carballeda de Valdeorras), Virxe dos Remedios (Castro Caldelas), Antonio Failde (Coles), Laureano Prieto (A Gudiña), de Maside (Maside), de Padrenda-Crespos (Padrenda) e Virxe da Saleta (San Cristovo de Cea).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Finalmente o acordo inclúe os CPI da Cañiza (A Cañiza), Curros Enríquez (Pazos de Borbén), de Pontecesures (Pontecesures), Domingo Fontán (Portas), Julia Becerra Malvar (Ribadumia), Manuel Suárez Marquier (O Rosal) e do Toural (Vilaboa), todos eles na provincia de Pontevedra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA O MILLÓN DE EUROS DESTINADO Á CREACIÓN DO PRIMEIRO CENTRO DE ACOLLIDA PARA A ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO CON PROBLEMAS DE ADICCIÓN

Asinarase un convenio de colaboración co Concello do Porriño para acoller este novo recurso especializado, que pasará a formar parte da Rede Galega de Acollemento

Segundo trasladou o presidente do Executivo galego, Alfonso Rueda, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello do Porriño para a "creación do primeiro centro de acollida para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero con problemas de adicción". Así, a Administración autonómica destinará un millón de euros de fondos europeos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Next Generation EU) para que o Concello porriñés "adquiera, reforme e prepare" un inmoble co fin de albergar este recurso.

O obxectivo deste centro de acollida, tal e como apuntou o titular do Goberno galego, será "axudar as vítimas no control e superación das adicións para que logo poidan incorporarse á vida autónoma". Ademais, entrará a formar parte da Rede Galega de Acollemento, dotándoa dun recurso especializado que se suma ao que xa teñen as vítimas de violencia de xénero con enfermidade mental.

Na actualidade, a Rede Galega de Acollemento ofrece máis de 80 prazas en 7 centros situados na Coruña, Ourense, Ferrol, Lugo, Vigo, Burela e Chantada. Rueda sinalou que a violencia de xénero é unha cuestión "primordial" para a Xunta, así como "ofrecer a mellor asistencia ás vítimas, ademais das políticas de prevención", polo que a Administración autonómica destina este ano 24 millóns de euros á súa loita, o que supón un 15 % máis que no 2023.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

XUNTA E CONCELLO DE BOIMORTO ASINAN UN CONVENIO PARA A HUMANIZACIÓN DA RÚA DA SOBREIRA E DA GÁNDARA, NO LUGAR DE VILANOVA, CUN INVESTIMENTO DE CASE 285.000€

- A Xunta, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asume o 70 % do orzamento, preto de 199.000€, contratará e executará as obras
- Trátase de executar beirarrúas en ambas as marxes da rúa Sobreira, logo de ampliación do viario existente; e habilitar 42 metros lineais de beirarrúa de 1,80 m de ancho na Gándara
- Esta actuación forma parte do Plan Hurbe impulsado pola Xunta, co que se contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade
- O Goberno galego continúa traballando coas entidades locais no impulso de accións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio

O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura do convenio co Concello de Boimorto para executar as obras de humanización da rúa da Sobreira e da Gándara, no lugar de Vilanova, que suporán un investimento de case 285.000 euros.

A Xunta, a través desta cooperación da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, achegará o 70 % do orzamento desta intervención, con preto de 199.000 euros, contratará e executará as obras.

Pola súa banda, o Concello de Boimorto asumirá o 30 % restante do custo das obras, algo máis de 85.000 euros; así como a redacción do proxecto das obras, a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións que se leven a cabo.

A través deste convenio, ao abeiro do chamado Plan Hurbe impulsado polo Goberno galego co fin de axudar as administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas, preténdese mellorar a mobilidade da poboación do municipio coruñés.

A intervención obxecto da colaboración autorizada hoxe no Consello da Xunta consiste na execución de beirarrúas en ambas as marxes da rúa Sobreira, logo de ampliación do viario existente; e na execución de 42 metros lineais de beirarrúa de 1,80 m de ancho na Gándara.

En concreto, na rúa Sobreira, proxéctase habilitar beirarrúas que contarán cunha lonxitude duns 175 metros na marxe esquerda, e duns 120 metros pola marxe dereita e disporán dun ancho libre de paso de 1,80 metros. A execución das beirarrúas suporá a ampliación do ancho do viario e nas zonas verdes das novas beirarrúas prevese a plantación dun total de 11 magnolios con cepellón.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, baixo as novas beirarrúas da marxe esquerda prevese a canalización de rede de saneamento de fecais, e en ambas as marxes considérase a canalización para a recollida de augas pluviais cos correspondentes pozos e sumidoiros e a instalación de rede de iluminación pública.

Nesta rúa Sobreira, tamén prevé o soterrado das redes de distribución eléctrica de baixa tensión e da telefonía, en ambas as marxes da rúa. Así mesmo, debido á nova configuración da rúa, será preciso cambiar a localización dos colectores de lixo existentes, que na actualidade se sitúan nunha parcela de titularidade privada. Completan a obra a sinalización horizontal e a adaptación de pozos e arquetas existentes á nova rasante.

A intervención na Gándara céntrase na execución de 42 metros lineais de beirarrúa de 1,80 metros de ancho, logo de canalización da tubaxe de iluminación pública. Completan a obra a reposición do pavimento afectado e a adaptación de pozos e arquetas existentes á nova rasante.

O convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións, producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2025.

Estas actuacións enmárcanse na continuada colaboración entre a Xunta e as entidades locais para a execución de obras e outras actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, a través de distintas medidas e de liñas de colaboración como o Plan Hurbe, o Goberno galego contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade como motores de dinamización, ao converterse en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE OUTES PARA A CONEXIÓN DO PASEO FLUVIAL CO CENTRO URBANO NA SERRA DE OUTES

- A intervención suporá un investimento de case 95.000€ e permitirá executar a reforma do ámbito entre a avenida San Campio e o paseo fluvial do río Tines, actuando sobre os pavimentos, escaleiras e sobre as instalacións existentes
- O Goberno galego, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asume o 70 % do orzamento, case 66.000€, contratará e executará as obras
- A entidade local achega o 30 % restante, redactará o proxecto e realizará a xestión para posibilitar a execución das obras, que incorporará ao patrimonio público municipal
- A execución destas obras enmárcase nas medidas e liñas de colaboración do Plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego co que se contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade, como motores de dinamización

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a sinatura do convenio de colaboración co Concello de Lousame para a conexión do paseo fluvial co centro urbano na Serra de Outes, cun investimento de case 95.000 euros.

A través desta colaboración trátase de executar a reforma do ámbito entre a avenida San Campio e o paseo fluvial do río Tines na Serra de Outes, actuando sobre os pavimentos, escaleiras e sobre as instalacións existentes.

En relación ás obrigas dispostas nesta colaboración, a Xunta, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asumirá o 70 % do orzamento, case 66.000 euros, e contratará e executará as obras.

Pola súa banda, o Concello de Outes achegará o 30% restante do custo das obras, algo máis de 28.000 euros; así como a redacción do proxecto, a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, e a recepción, o mantemento e a conservación das actuacións que se leven a cabo.

Coa finalidade de mellorar este espazo público e a súa conservación, as obras propostas permitirán conectar a rúa co paseo fluvial de maneira aberta, así como coa plataforma do semisoto da Casa da Cultura.

Así mesmo, crearase unha zona de espaxamento para desfrutar das vistas do río e mellorar a zona de entroncamento do paseo fluvial e a ponte que cruza o río, cunha adecuada iluminación e elementos de xardinaría.

O convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións, producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2025.

A execución destas obras enmárcase nas medidas e liñas de colaboración do Plan Hurbe,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

coas que a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas se contribúe a promover o desenvolvemento das vilas e núcleos rurais da comunidade autónoma como motores de dinamización que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

A colaboración entre este departamento e o Concello de Outes, enmárcase na continuada colaboración entre a Xunta e as entidades locais para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA DESTINARÁ PRETO DE 8 M€ Á ADQUISICIÓN DE 143 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA PARA DESTINALAS AO ALUGUEIRO

- O Executivo galego autoriza a compra a particulares de vivendas construídas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo e adxudicadas en réxime de compravenda, cuxos propietarios queren agora vendelas
- Rueda subliña que das 143 vivendas que se prevén adquirir, “6 están situadas na provincia da Coruña, 103 na de Lugo, 21 na de Ourense, e 13 na de Pontevedra”
- Estes inmobles manterán a súa actual cualificación de promoción pública
- O Goberno galego está a impulsar a construción ou rehabilitación de máis dun milleiro de vivendas de promoción pública, na procura de cumprir o obxectivo é duplicar o número de vivendas públicas nesta lexislatura, ata as 8.000

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico vai investir 8 millóns de euros “na adquisición de 143 vivendas e promoción pública que están á venda para destinalas a alugueiro”.

Unha medida que se enmarca no compromiso “de duplicar o parque público residencial nesta lexislatura” para poder facilitar o acceso a vivenda aos galegos, “especialmente aos colectivos máis vulnerables”.

A actuación impulsada polo Goberno galego ten como obxectivo a compra a particulares de vivendas protexidas de promoción pública, que no seu día foron construídas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), adxudicadas en réxime de compravenda, e cuxos propietarios queren agora vendelas.

Das 143 vivendas que se prevén adquirir, e que están repartidas por toda Galicia, “6 están situadas na provincia da Coruña, 103 na de Lugo, 21 na de Ourense, e 13 na de Pontevedra”, segundo explicou Rueda, quen resaltou que a gran maioría son “en concellos pequenos”.

Trátase de inmobles que seguen mantendo a cualificación de vivenda de promoción pública no momento actual, e que foron postas á venda polos seus propietarios a través do procedemento de segundas transmisións regulado pola normativa vixente, que indica que as mesmas se ofrecerán a través da web da entidade dependente da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, o IGVS.

Ao abeiro da normativa vixente, a Xunta de Galicia prevé así adquirir as vivendas de promoción pública que se atopan incluídas no procedemento de segundas transmisións. No caso de que algunhas das vivendas inicialmente previstas non poidan ser adquiridas por algún impedimento rexistral ou doutra índole, o IGVS poderá adquirir outras vivendas que se atopen anunciadas en publicidade permanente polo proceso de segundas e posteriores transmisións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O prezo de adquisición de cada vivenda é o establecido pola normativa para a venda en segunda transmisión de vivendas de promoción pública. As vivendas que se adquiran seguirán cualificadas como de promoción pública e serán adxudicadas en réxime de alugueiro.

Unha vez autorizada hoxe polo Executivo autonómica este acordo, o IGVS dirixirase aos propietarios para comunicarlles o interese na adquisición da vivenda e solicitar a documentación necesaria.

A Xunta de Galicia mantén como unha das súas prioridades garantir o acceso a unha vivenda digna e adecuada ás persoas e familias con escasos recursos económicos, vulnerables ou en situación de exclusión social, así como facilitar solucións habitacionais a colectivos afectados por procedementos de execucións hipotecarias e lanzamentos derivados da falta de pago das rendas dos contratos de arrendamento.

No compromiso acadado polo Goberno galego de incrementar o número de vivendas que forman o parque público de vivendas, a Xunta de Galicia está a traballar, ademais de nesta adquisición, na construción ou rehabilitación de máis dun milleiro de vivendas de promoción pública. O obxectivo é duplicar o número de vivendas públicas nesta lexislatura, ata acadar as 8.000.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 2,3 M€ PARA O REFORZO DOS ESPAZOS DE DATOS SANITARIOS E A MELLORA DA INFORMACIÓN QUE SE ACHEGARÁ AO PROFESIONAL DO ÁMBITO DA SAÚDE

- Galicia aposta desde hai anos polos espazos de datos de saúde, elementos clave para xerar coñecemento co fin de mellorar a saúde das persoas
- O departamento sanitario galego conta cun Plan estratéxico de transformación da saúde dixital 2023-2026, cun orzamento de 200 millóns de euros, co obxectivo de axudar á modernización do modelo de atención á cidadanía
- A recente constitución da Oficina do Dato da Sanidade Galega, dependente da Consellería de Sanidade, é clave na actualidade na implantación do modelo de gobernanza do Espazo de Datos Sanitarios en Galicia
- O Servizo Galego de Saúde almacena a información de forma normalizada de toda a cidadanía que foi atendida en Galicia, contando con máis de 3.000 millóns de rexistros de saúde asociados a atencións sanitarias
- A Consellería de Sanidade incorporouse como provedor de datos, no primeiro semestre deste ano, á Rede europea de datos en saúde, o que lle permitirá ter maior participación en proxectos de investigación clínica a nivel europeo

O Executivo galego aprobou hoxe a licitación, por un importe de 2.320.000 euros para o período 2024-2026, da contratación do servizo de evolución da plataforma de analítica de datos, que permitirá o funcionamento de distintas ferramentas que dean soporte aos sistemas de análise de información do Sistema sanitario público de Galicia.

O almacenamento de datos para a análise avanzada destes e a súa compartición é un dos grandes desafíos que ten o sistema sanitario. Para tal efecto, é importante establecer as normas que gobernen os espazos de datos sanitarios, así como o uso das distintas fontes das administracións públicas e dos datos no ámbito académico, ademais da inclusión dos procedentes da internet das cousas, ou de ferramentas de intelixencia artificial, sempre na busca da mellor saúde para as persoas.

Cómpre remarcar que o Sistema Sanitario Público de Galicia dispón dun conxunto de Sistemas de Información de Análises Complexas e Big Data desenvolvidos desde o ano 1999. A flexibilidade deste tipo de sistemas, así como as posibilidades de análises cruzadas de información que ofrecen, convérteos en ferramentas fundamentais para a análise e a realización de informes, e permitirá obter o maior rendemento da información dispoñible para as funcións de xestión da actividade de toda a organización pública sanitaria.

Requírese, polo tanto, a contratación de servizos especializados que permitan manter a operación e o servizo avanzado de análise de información aos usuarios, para dispoñer dun espazo de datos de saúde que cumpra cos requisitos establecidos.

A licitación hoxe autorizada polo Executivo galego está dividida en dous lotes. Os servizos que se propoñen contratar no primeiro deles están dirixidos ao reforzo dos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Espazos de Datos Sanitarios en Galicia, ademais dos servizos de interoperabilidade necesarios para conectar o Espazo de Datos Sanitarios de Galicia co Espazo Nacional.

Convén subliñar que o Espazo de Datos Sanitarios de Galicia permite a recollida de información de diferentes sistemas, ademais dunha análise masiva para a identificación e mellora do diagnóstico e tratamentos, así como a identificación de factores de risco e análise de tendencias.

Xunto ao anterior, o espazo galego tamén posibilita a identificación de patróns e a predición de situacións de risco para a saúde e programar recursos para a súa atención, incluíndo algoritmos de intelixencia artificial.

O lote 2 do que se autoriza a licitación está enfocado á mellora da información que se achegará ao profesional sanitario a partir de informes periódicos con indicadores de estrutura, proceso e resultado na execución en Galicia do Plan de transformación dixital da Atención Primaria, no marco da Estratexia de Saúde Dixital.

Esta actuación está financiada pola Unión Europea, a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Máis de 3.000 millóns de atencións sanitarias

Galicia é pioneira na construción de Espazos de Datos Sanitarios, iniciando a súa andadura, como xa sinalamos, en 1999. Deste xeito, a nosa comunidade aposta desde hai tempo polos espazos de saúde, xa que se constitúen como elementos clave para permitir xerar coñecemento co fin de mellorar a saúde das persoas. Para tal efecto, é fundamental contar con políticas estándares e procesos robustos que aseguren a calidade, a seguridade a interoperabilidade e o uso ético dos datos.

Así, o Goberno galego aprobou, no mes de xuño do pasado ano, o Plan estratéxico de transformación da saúde dixital 2023-2026, da Consellería de Sanidade, que conta cun orzamento de 200 millóns de euros, destinados a axudar na transformación e evolución do modelo de atención á cidadanía.

Ademais, a recente constitución da Oficina do Dato da Sanidade Galega, dependente da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, é tamén clave na implantación do modelo de gobernanza do Espazo de Datos Sanitarios en Galicia.

Na actualidade, o Servizo Galego de Saúde almacena a información de forma normalizada de toda a cidadanía que foi atendida en Galicia, contando con máis 3 mil millóns de rexistros de saúde asociados a resultados de laboratorio (1.600 millóns), prescricións farmacéuticas (mil millóns), informes clínicos (360 millóns), rexistros de vacinas, (20 millóns), e biomedidas de teleasistencia (5 millóns), entre outros.

A Consellería de Sanidade incorporouse como provedor de datos, no primeiro semestre deste ano, á Rede europea de datos en saúde. Esta rede, de carácter anónimo, permitirá ao sistema sanitario público de Galicia colaborar coa comunidade científica europea de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

forma máis activa, tendo maior participación en proxectos de investigación clínica a nivel europeo.

A incorporación tamén permitirá mellorar o nivel de interoperabilidade dos datos nos proxectos de investigación, realizar estudos clínicos de xeito máis rápido e manter o control dos datos grazas á rede federada e segura construída no marco europeo.

Xunto ao anterior, a Consellería de Sanidade publicou, recentemente, o Observatorio de Saúde Pública de Galicia, como espazo aberto con accesibilidade a toda a cidadanía.

O departamento sanitario galego está na construción da plataforma Innovatrial para a xestión dos datos asociados aos ensaios clínicos, actualmente en desenvolvemento, co que se disporá dun sistema para a xestión do ciclo da vida do coñecemento na investigación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVA A 3ª EDICIÓN DO PROGRAMA 'TI ELIXES' E NOVOS CONTIDOS NO CAMPUS DE IGUALDADE LABORAL PARA AVANZAR NA EQUIDADE REAL ENTRE HOMES E MULLERES

- O Consello da Xunta coñeceu a nova convocatoria das consellerías de Educación e Emprego, que dá de prazo ata o 1 de outubro aos centros de educación secundaria para que soliciten acoller charlas a prol de elixir profesión sen prexuízos de xénero
- Incidirase en sectores especialmente masculinizados como o da construción, forestal, marítimo-pesqueiro ou TIC, prevendo incrementar os resultados das dúas primeiras edicións, cando se percorreron arredor de 75 e case 90 centros, respectivamente
- O Goberno galego tamén avaliou a programación para o curso 2024-2025 do Campus en liña de igualdade laboral, impulsado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e que conta xa con máis de 6.000 persoas usuarias
- Os 40 novos cursos e talleres gratuítos que se realizarán nos vindeiros meses reafirman o compromiso da Xunta nesta materia, co obxectivo de acadar en xuño do ano que vén o fito de 120 accións formativas realizadas
- Cómpre engadir que ata o 30 de setembro está aberto o prazo para que as empresas soliciten axudas de cara a impulsar a contratación de mulleres en ocupacións masculinizadas, cun orzamento inicial próximo aos 1,7 M€, que poderá ser ampliable

A Xunta continúa avanzado no fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres no eido laboral, así como no impulso á presenza feminina en sectores profesionais tradicionalmente masculinizados. Con este obxectivo, no Consello da Xunta abordáronse hoxe dous proxectos da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para seguir dando pasos nesta vía: por unha banda, a convocatoria xunto coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da 3ª edición do programa *Que non te lén, ti elixes* para promover nos centros de secundaria a elección de profesión sen atender a prexuízos de xénero e, por outra, o impulso ao Campus en liña en materia de igualdade laboral, coa programación de 40 novos cursos e talleres co obxectivo de acadar en xuño de 2025 o fito de 120 accións formativas realizadas.

Canto ao programa *Que non te lén, ti elixes*, este mércores abrírase o prazo para que -deica o 1 de outubro- os centros educativos galegos sostidos con fondos públicos poidan solicitar que o seu alumnado de 3º e 4º da ESO reciba charlas a prol de que as mulleres escollan profesión atendendo ás súas capacidades ou motivacións persoais, sen deixarse limitar por prexuízos ou estereotipos de xénero. A finalidade é seguir avanzando na presenza de mulleres en sectores como o forestal, a construción, o marítimo-pesqueiro ou as TIC, contribuíndo a unha sociedade máis xusta e equitativa.

A 3ª edición arranca co obxectivo de incrementar os resultados acadados nas dúas primeiras. Así, na estrea da iniciativa percorréronse uns 75 centros de ensinanza que estaban -polo xeral- situados preto de institutos de formación profesional nos que se ofrece cualificación de familias de sectores tradicionalmente masculinizados, cun total superior ás 140 charlas. Mentres, na segunda edición foron case 90 os centros onde se desenvolveron case 200 accións. En total, beneficiáronse case 11.000 alumnos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesta nova andaina do programa *Que non te lían, ti elixes*, as charlas didácticas e debates promovidos nos centros seguirán estando dirixidos por persoal de asociacións, fundacións e clústeres de sectores con escasa representatividade feminina, que porán sobre a mesa cuestións como as condicións laborais dos diferentes ámbitos profesionais, que constatan maiores salarios para os empregos que acostuman estar ocupados por homes. Tamén porán en valor mulleres referentes de éxito en ámbitos profesionais con reducida presenza feminina, para que poidan servir de exemplo ás novas xeracións.

Precisamente para reverter esta tendencia, a Xunta convocou este ano unha innovadora orde de axudas para impulsar o número de mulleres en sectores masculinizados, con prazo de solicitude aberto ata o 30 de setembro. Cun orzamento inicial próximo aos 1,7 millóns de euros, que poderá ser ampliable, búscase incrementar a presenza feminina en sectores tecnolóxicos e industriais de alto valor engadido, como o da información e comunicación ou en actividades profesionais científicas e técnicas. A previsión é beneficiar unhas 75 mulleres desempregadas con axudas de ata 26.250 por cada contrato indefinido.

Unha segunda liña de axudas busca promover a adaptación dos espazos ou dos postos de traballo nas empresas, con obras en aseos, vestiarios ou espazos para menores, cun importe máximo de axuda -neste caso- de 10.000 euros.

Impulso ao Campus en liña en materia de igualdade laboral

No Consello de hoxe tamén se avaliou o balance de actividades e a programación para o curso 2024-2025 do Campus en liña en materia de igualdade laboral impulsado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Trátase dun [espazo dixital](#) de formación que conta xa con máis de 6.000 persoas usuarias e que está dirixido a formar e sensibilizar na igualdade laboral efectiva entre homes e mulleres a través de accións gratuítas.

A continuación do programa a través de 40 novas accións reafirma o compromiso do Goberno galego con este espazo dixital de teleformación que pretende dotar de ferramentas de calidade -totalmente de balde- empresas, persoas formadoras e usuarias, ás que se lles ofrece información, formación e sensibilización para conseguir o reto de pasar da igualdade legal á real. O obxectivo é acadar, en xuño de 2025, o fito de contar cun balance total de 120 accións formativas impulsadas polo Campus.

Posto en marcha a finais de 2021, as cifras amosan a consolidación do proxecto entre xaneiro de 2023 e o primeiro semestre de 2024, período no que se desenvolveron un total de 54 cursos e talleres, con 3.086 persoas participantes, das cales o 68 % se certificaron nunha ou varias accións formativas. As formacións incidiron en medidas de fomento da igualdade laboral, prevención e tratamento do acoso ou diversidade no ámbito laboral.

A nova planificación baralla novas temáticas de actualidade, entre elas, permisos e corresponsabilidade, canle de denuncias e protocolo, certificado de excelencia en igualdade ou directiva europea en materia de igualdade de xénero. Tamén se incorporan

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

como novidade dous cursos: “Discriminación por xénero. Lexislación e xurisprudencia” e “Valoración de postos de traballo e rexistro e auditoría retributiva”.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MEDIO RURAL DESTACA O VALOR DA PRODUCCIÓN CERTIFICADA GALEGA, QUE EN 2023 ASCENDEU A MÁIS DE 660 M€, CASE UN 5 % MÁIS CON RESPECTO AO ANO ANTERIOR

- O valor en orixe dos produtos agroalimentarios das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas foi de case 548 millóns de euros, mentres que os produtos ecolóxicos acreditados polo Craega supuxeron un montante de algo máis de 113 millóns de euros
- O sector vitivinícola e o cárnico constitúen o 73 % do valor total das producións certificadas, destacando a Denominación de Orixe Protexida (DOP) Rías Baixas e a Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Ternera Gallega
- Actualmente intégranse dentro de selos de produción alimentaria de calidade máis de 23.500 explotacións agrarias e case 1.250 industrias transformadoras e comercializadoras
- A Xunta de Galicia está investindo neste 2024, preto de 9 millóns de euros para a potenciación destes certificados agroalimentarios a través de diferentes liñas de axuda

A Consellería do Medio Rural destaca o valor da produción agroalimentaria de calidade certificada galega, na que se inclúen 35 denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas e os produtos certificados polo Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega). O seu valor en 2023 ascendeu a máis de 660 millóns de euros, superando nun 4,6 % o acadado no ano anterior, dos cales preto de 548 millóns se corresponden coas DOP e IXP e algo máis de 113 coa produción ecolóxica. Así, esta cifra consolida a liña de evolución ascendente deste parámetro nos últimos anos. Na xornada de hoxe, o Consello do Goberno galego tomou razón dos datos da actividade dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario en 2023.

O sector vitivinícola e o cárnico constitúen o 73 % do valor total das producións agroalimentarias de calidade galegas. Dentro destes ámbitos, destacan a Denominación de Orixe Rías Baixas e a Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega. Por outro lado, o ámbito da produción ecolóxica liderado polo Craega supuxo o 17 %, achegando 113 millóns de euros. En consecuencia, o 10 % restante pertence a produtos de orixe animal (queixos e mel), bebidas espirituosas, produtos de orixe vexetal e produtos de panadería e repostería. En cada un destes grupos, os produtos máis salientables en función do seu valor do mercado son os que se atopan baixo a DOP Arzúa-Ulloa, a IXP Licor Café de Galicia, a IXP Pataca de Galicia e a IXP Pan de Cea.

Actualmente existen amparadas á produción alimentaria de calidade máis de 23.500 explotacións agrarias e case 1.250 industrias transformadoras e comercializadoras. Cabe contextualizar que as producións ao abeiro destes selos de calidade son só unha parte minoritaria da produción agraria galega -menos do 15 % do valor-, pero supoñen a panca de acción do sector alimentario por trasladar a el prestixio e reputación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por este motivo, a aposta da Xunta por estas producións de calidade é significativa. Cómpre salientar os preto de 9 millóns de euros no orzamento de 2024 da Axencia Galega da Calidade Alimentaria para potenciar as DOP, IXP e produción ecolóxica (sen contar con outras liñas de axuda doutros departamentos da Consellería destinadas directa ou indirectamente ao fomento dos diferentes selos de calidade). Estas achegas distribúense en accións executadas directamente pola Administración e outras destinadas a subvencións aos consellos reguladores e aos titulares das explotacións.

Galicia, referente en España

Neste contexto, cómpre que Galicia é un referente no conxunto de España en canto a producións con certificación de calidade, sendo a terceira comunidade autónoma con máis DOP e IXP co 10 % de todas as rexistradas. Estes selos son unha ferramenta esencial dentro do sector agroalimentario porque delimitan unha zona concreta do territorio onde se pode producir e elaborar un produto, favorecendo que o valor engadido e riqueza quede aí. Pola súa vez impiden que a denominación poida ser empregada por aqueles que non teñen dereito ao seu uso e prestixian e dar a coñecer a zona de produción, potenciando outras actividades económicas que se desenvolven nese territorio.

A maiores, socialmente, obrigan a ter unha organización de produtores e industrias que favorece o dinamismo da zona e potencia o traballo integrador de todo o sector. Deste xeito, fan tamén visibles producións que polo seu escaso volume terían moito máis difícil o acceso aos mercados. A xestión das diferentes denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas realízase a través dos correspondentes consellos reguladores, que se encargan de garantir a calidade dos produtos e fomentan a súa promoción de cara aos consumidores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA DESTINA ESTE ANO 11,7 M€ A PROXECTOS DOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO COS QUE DINAMIZAR A ECONOMÍA DAS ZONAS COSTEIRAS

- Ata 2026 investiranse preto de 20 M€ en 133 proxectos, que contribuirán a crear 120 empregos a tempo completo
- A galega foi a primeira comunidade autónoma que tivo seleccionados os grupos, as estratexias aprobadas e lanza as achegas para a presentación de proxectos ao abeiro do FEMPA para o período 2021-2027
- Os oito GALP elixidos para os próximos anos engloban a máis de 400 organizacións locais, preto dun cento delas pertencentes ao sector pesqueiro e que representan máis de 13.000 profesionais do mar

O Consello da Xunta analizou hoxe a convocatoria de axudas a proxectos que se desenvolvan ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) e que contan cun orzamento de 19.550.000 euros para iniciativas que se van desenvolver entre 2024 e 2026. A distribución por anualidades é a seguinte: 2024, 8,5 millóns; 2025, 5.950.0000 euros; e 2026, 5,1 millóns.

Estas iniciativas contan cunha axuda pública de case 11,7 millóns de euros e un investimento privado de 9,2 millóns; o que supón unha mobilización de máis de 20,9 millóns de euros que promoverán un impulso económico e social significativo nas comunidades costeiras.

En total, na convocatoria de 2024 presentarónse 246 solicitudes, resultando aprobados 133 proxectos: GALP A Mariña-Ortegal 19; GALP Golfo Ártabro Norte 16; GALP Golfo Ártabro Sur 16; GALP Costa da Morte 16; GALP Seo Fisterra Ría de Muros-Noia: Costa Sostible (15); GALP Ría de Arousa (23); GALP Ría de Pontevedra (19); GALP Ría de Vigo-A Guarda (9).

120 empregos a tempo completo

Entre os proxectos aprobados, 54 (40,60 %) son de actividade económica e 79 (59,6 %), accións sen ánimo de lucro. En canto aos indicadores de resultados, o valor previsto de creación de emprego é de 120 empregos a tempo completo.

Os potenciais beneficiarios destas axudas -pequenas e medianas empresas e persoas autónomas, así como persoas xurídicas sen ánimo de lucro como as confrarías de pescadores ou outras entidades do sector- poden presentar proxectos ao abeiro dos oito GALP existentes na comunidade para aumentar o valor, crear emprego, valorar o fomento da participación das mulleres, atraer xente nova e promocionar a innovación en todas as fases da cadea de subministración dos produtos da pesca e da acuicultura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre os obxectivos das iniciativas tamén están o fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas, o aproveitamento do patrimonio medioambiental -incluídas as operacións de mitigación do cambio climático-, o fomento do benestar social e do patrimonio cultural ou o reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e a gobernanza dos recursos e actividades marítimas locais.

Para poder aplicar as estratexias de desenvolvemento local participativo, a Consellería do Mar seleccionou a finais do ano pasado oito GALP. Son os da Mariña-Ortegal, Golfo Ártabro Norte, Golfo Ártabro Sur, Costa da Morte, SEO de Fisterra Ría de Muros e Noia, Costa Sostible, Ría de Arousa, Ría de Pontevedra e Ría de Vigo-A Guarda.

Estes oito grupos engloban máis de 400 organizacións locais en representación dos sectores económicos, sociais e públicos, das que preto dun cento pertencen ao sector pesqueiro representando a máis de 13.000 profesionais do mar. Neste sentido, Galicia é a primeira comunidade autónoma que ten os grupos seleccionados, as súas estratexias aprobadas e lanza a convocatoria de axudas a proxectos ao abeiro do Fempa.

Resultados período FEMP

O Consello da Xunta tamén fixo un balance dos resultados acadados no desenvolvemento das estratexias de desenvolvemento local participativo no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). Entre 2016 e 2022 desenvóléronse algo máis de 700 proxectos ao abeiro dos GALP cun apoio público de máis de 37 millóns de euros e un investimento total de preto de 80 millóns de euros

As iniciativas postas en marcha permitiron xerar máis de 400 empregos directos a tempo completo e a actividade inducida no conxunto da economía superou os 215 millóns de euros e supuxo a xeración de máis de 4.500 postos de traballo entre directos e indirectos froito do desenvolvemento dos proxectos ou da actividade apoiada.

Os GALP

Os grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) dan continuidade aos antigos grupos de acción costeira (GAC) e son asociacións sen ánimo de lucro colaboradoras da Consellería do Mar como axentes de desenvolvemento na aplicación das estratexias de desenvolvemento local participativo da zona pesqueira e na xestión e control das axudas que se tramitan para o desenvolvemento desas estratexias.

A actividade dos oito grupos que hai en Galicia dentro do programa operativo do Fempa contribuirá -ao igual que xa fixeron os seleccionados ao abeiro do FEMP- a mellorar a transformación, comercialización e posta en valor das producións pesqueiras, ao desenvolvemento dun sector turístico sustentable, á creación de empresas e á xeración de emprego e á diversificación do sector a través de iniciativas complementarias da actividade pesqueira como o turismo mariñeiro. Tamén contribúe á conservación e valorización do patrimonio natural e cultural marítimo-pesqueiro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CENTRO SUPERIOR DE HOSTELARÍA DE GALICIA DUPLICA O ALUMNADO DE PRIMEIRO CURSO, TRAS AS MEDIDAS DA XUNTA PARA INCENTIVAR O ACCESO A ESTES ESTUDOS

- O Consello informa dos resultados das accións postas en marcha nos últimos meses, que incluíron a rebaixa do prezo de matrícula e máis bolsas de formación
- En total, matriculáronse máis de 100 persoas no primeiro curso de Grao universitario en Xestión de Empresas Hostaleiras da USC, fronte ás 47 do ano pasado
- Tamén se incorporan ao CSHG un total de 20 alumnos do novo título propio Curso Superior de Chef en Cociña e Pastelería, que arranca este ano por primeira vez
- Deste xeito, durante este curso formaranse un total de 244 alumnos nas titulacións ofrecidas no centro, o que supón un 37 % máis que o ano pasado

O Consello da Xunta informou hoxe do balance das medidas que a Xunta de Galicia puxo en marcha nos últimos meses para incentivar e flexibilizar o acceso aos estudos universitarios en Xestión de Empresas Hostaleiras impartidos no Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG), centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela e dependente orgánicamente da Xunta de Galicia. Como resultado, duplicouse o alumnado de primeiro curso, pasando dos 47 que se matricularon por primeira vez o ano pasado aos 102 que o fan neste ano. Tamén se incorporan 20 persoas ao novo título propio do Curso Superior de Chef en Cociña e Pastelería.

De xeito global, este curso académico formaranse no Centro Superior de Hostelería de Galicia un total de 244 alumnos, dos que 224 estudan algún dos catro cursos do grao en Xestión de Empresas Hostaleiras, e 20 o novo Curso Superior de Chef en Cociña e Pastelería, o que supón un incremento global do 37 % do seu alumnado.

Estes resultados son froito das medidas postas en marcha nos últimos meses pola Xunta para flexibilizar o acceso a estes estudos no seu obxectivo por afondar na profesionalización do turismo. Entre as medidas incluíuse a redución do prezo da matrícula, o incremento das bolsas de formación e a nova oferta formativa no eido da gastronomía. Tamén se afondou nas políticas de retorno para aproveitar o talento con raíz galega e afrontar o reto demográfico, co que se outorgaron por primeira vez bolsas para fillos de galegos residentes no estranxeiro, das que foron beneficiarias seis persoas procedentes de Arxentina, Brasil, Colombia e Portugal.

Xunto a estas medidas, e para dar resposta á crecente demanda do sector da restauración en Galicia, o CSHG ofertará o Curso Superior de Chef e Pastelería, un título propio que empeza este curso 2024-25, con tres meses de prácticas en restaurantes de Galicia. Durante estes meses, o CSHG realizou unha importante campaña de captación, que incluíu chegar a máis de 8.000 potenciais candidatos a estudar no centro, o triple que o curso pasado. Contactouse cos orientadores de todos os institutos e colexios de Galicia e iniciouse un proceso de achegamento noutras comunidades autónomas de España. Fixéronse 120 accións informativas para centros educativos, o dobre que o curso

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

anterior, celebráronse 16 xornadas de portas abertas e intensificouse a presenza do centro en feiras de formación.

Ademais, asináronse convenios de colaboración con entidades galegas sectoriais para incentivar o acceso a novos perfís para este curso. Tamén coas cadeas hoteleiras Meliá Hotels International, Barceló Hotels & Resorts, Vincci Hotels, Iberostar Hotels & Resorts, Elba Hoteles e Palladium Hotels & Resorts, baixo o novo programa Partners, para incentivar as prácticas e para que o seu persoal se beneficie de axudas para estudar no CSHG o grao en Xestión de Empresas Hosteleiras e o Curso Superior de Chef en Cociña e Pastelería. GraZas a estes acordos, xa se incorporaron no curso 2024-25 sete alumnos.

Xunto a estas novidades, durante este curso afianzarase tamén o papel do CSHG para afondar na profesionalización dos traballadores do turismo en Galicia. Así, desenvolverase o Plan para a formación en competencias dixitais do sector turístico con cursos de 150 horas a traballadores turísticos e vén de licitarse a posta en marcha do Galician Food Experience, o Hub gastronómico de formación dirixido ao sector que se creará no CSHG, cun investimento de 1,2M€. A iniciativa é unha das accións previstas no Plan territorial de sostibilidade turística enogastronomía de Galicia, deseñado polo goberno autonómico con fondos Next Generation.

Formación de excelencia

O Centro Superior de Hostalería de Galicia leva décadas formando xestores e directivos de empresas turísticas, dependente da Xunta de Galicia, e comezou nos seus inicios ofertando unha formación propia en Dirección Hoteleira e Gastronomía. Desde o ano 2021 está adscrito á Universidade de Santiago de Compostela e imparte o Grao universitario en Xestión de Empresas Hostaleiras coas especialidades de Gastronomía e de Dirección Hostaleira.

Conta con 54.000 metros cadrados, cinco edificios, aulas específicas de hostalaría e equipamento actualizado e moderno, que ten un impacto sempre positivo á hora de elixir o CSHG. Neste último ano fixéronse melloras nas instalacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PLANIFICA A MELLORA DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DA ZONA RURAL DE FERROL, TRAS OPTIMIZAR A REDE URBANA CUN INVESTIMENTO DE 8 M€ DESDE 2017

- A execución de actuacións como o saneamento da Malata e as obras do colector interceptor da marxe esquerda do río Sardiña permite que practicamente o 100 % da poboación urbana ferrolá estea conectada á rede, que comparten Ferrol e Narón
- Esa infraestrutura dá servizo a unha poboación equivalente a preto de 137.000 persoas, das que o concello ferrolán achega o 60 % e o naronés o 40 % restante
- O Executivo galego e o Goberno local afrontan a conexión dos núcleos rurais a esa rede mediante un protocolo de colaboración que prevé un investimento de máis de 11 millóns de euros e sobre o que xa se están a definir as actuacións máis urxentes

A Xunta, a través de Augas de Galicia, está a planificar e facer os traballos previos necesarios para desenvolver melloras en materia de saneamento e depuración na zona rural de Ferrol unha vez que practicamente o 100 % da poboación urbana está conectada á rede de saneamento existente na contorna. Este fito acadouse tras a realización de distintas actuacións na zona que suman un investimento de máis de 8 millóns de euros desde o ano 2017.

Os principais proxectos neste eido -o saneamento da Malata e as obras do colector interceptor da marxe esquerda do río Sardiña- permitiron que as estruturas de saneamento e depuración da aglomeración urbana que conforman Ferrol e Narón -que comparten instalacións- dean servizo a unha poboación equivalente a preto de 137.000 persoas, das que Ferrol achega arredor do 60 % e Narón o 40 %.

Deste xeito, a veciñanza desta área urbana da comarca ferrolá conta cunha infraestrutura de saneamento robusta e cunha elevada cobertura de servizos que é revisada constantemente co fin de incorporar posibles melloras. De feito, nestes momentos as xestións na parte urbana da rede de saneamento céntranse en mellorar a eficiencia das distintas infraestruturas -30 estacións de bombeo e 15 tanques de tormentas repartidos entre Ferrol e Narón e a estación depuradora de augas residuais (EDAR)- e a corrección de posibles incidencias en calquera punto da rede.

A conclusión dos traballos máis importantes na rede de saneamento permite agora abordar algúns dos retos máis urxentes en materia de augas na zona, como é a conexión dos núcleos rurais -especialmente na zona costeira- a esas infraestruturas principais de tratamento da auga, cuestións ambas analizadas hoxe no Consello. Trátase de dar acceso á rede a unha poboación equivalente de preto de 4.400 habitantes.

Precisamente, esa -conectar esa poboación á depuradora de cabo Prioriño ou instalar sistemas de depuración independentes- é a finalidade do protocolo de colaboración asinado a comezos deste ano entre a Xunta e o Concello de Ferrol para mellorar o saneamento e a depuración da zona rural do municipio ferrolán. A este obxectivo ambas as administracións destinarán nos próximos anos un orzamento estimado de 11,3 millóns

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de euros, do que o 70 % será asumido por Augas de Galicia e o 30 % restante polo Executivo local.

Nesta liña, as partes están en constante colaboración e perfilando as actuacións que é preciso realizar con maior urxencia coa finalidade de que, no menor tempo posible, o conxunto da poboación rural do Concello de Ferrol estea conectado á rede de saneamento e depuración existente nas proximidades. A consecución dese fito permitirá dar a esa parte da cidadanía servizos eficaces e sostibles que contribuirán a mellorar a situación medioambiental da súa contorna.

Explotación das infraestruturas

Mentres, co obxectivo de mellorar a eficiencia das distintas instalacións, o Executivo galego está traballando cos concellos de Ferrol e Narón co obxectivo de que Augas de Galicia asuma a explotación do seu sistema de saneamento e depuración en alta. O fin último é que o organismo autonómico xestione as infraestruturas de abastecemento, saneamento e depuración que forman parte do ciclo integral da auga e preste os servizos asociados á súa explotación garantindo a subministración en calidade e cantidade axeitadas contribuíndo á consecución do bo estado ecolóxico das augas.

As actuacións desenvolvidas no pasado e as previstas a futuro no eido do saneamento buscan ofrecer os mellores servizos posibles na zona e contribuíron a mellorar a calidade das augas da ría de Ferrol. Os investimentos realizados pola Xunta entre 2009 e 2024 superan os 30 millóns de euros, aos que se engadirán os previstos no protocolo de colaboración entre o Concello de Ferrol e Augas de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA MÁIS DUN 60 % O ORZAMENTO INICIAL DO BONO CONCILIA FAMILIA NA CONVOCATORIA DESTA ANO, ATA ACADAR OS 2,6 MILLÓNS DE EUROS

- O obxectivo desta medida é atender as necesidades de conciliación de carácter puntual dos pais ou durante os períodos de vacacións escolares
- As contías das achegas poden ser de 500 euros por unidade familiar para a contratación dunha persoa empregada do fogar ou servizos de atención á infancia a domicilio, e de 200 euros por neno para pagar un campamento, unha ludoteca ou un espazo infantil
- Amplíase a axuda a todos os nenos que cumpren os 13 anos en 2024 e faise máis sinxela a solicitude para axilizar a súa tramitación e pagamento
- A previsión é chegar a unhas 13.500 familias galegas neste novo inicio do curso, case 3.000 máis que as beneficiadas na convocatoria do exercicio pasado.

O Bono Concilia Familia aumenta a súa dotación económica inicial para este ano 2024 nun 66 % con respecto ao exercicio pasado, ata acadar os 2,6 millóns de euros. O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe sobre estas axudas, que están pensadas para facilitar a conciliación ás familias con nenos de ata 13 anos nas que os dous proxenitores traballan, ou un único proxenitor no caso das familias monoparentais.

O *Diario Oficial de Galicia* (DOG) publicará mañá a nova convocatoria destas axudas. As familias poderán solicitálas a partir do día seguinte e ata o vindeiro 17 de outubro. O obxectivo deste programa é que os pais e as nais poidan atender as súas necesidades de conciliación de carácter puntual, por exemplo: por enfermidade ou cuestións laborais; ou durante os períodos de vacacións escolares.

As contías das achegas poden ser de 500 euros por unidade familiar para a contratación dunha persoa empregada do fogar ou servizos de atención á infancia a domicilio; ou de 200 euros por cada neno para o pagamento de campamentos ou doutros recursos de conciliación, como ludotecas ou espazos infantís. Polo tanto, unha familia con tres fillos pode percibir unha axuda de ata 600 euros.

Novidades

Ademais do incremento do orzamento inicial, a convocatoria deste ano presenta outras novidades importantes. Amplíase a todos os nenos que cumpren 13 anos en 2024, cando ata agora estaba limitada ata os 12; e faise máis sinxela a solicitude para axilizar a tramitación e o pagamento das axudas. Así, nesta edición elimínase a presentación dalgúns documentos que a Administración xa pode consultar internamente e non ten necesidade de pedilos ás familias.

Tamén se cambia o prazo de solicitude, que se establece desde mediados de setembro ata mediados de outubro. O ano pasado, o prazo abriuse no mes de xullo. Faise este cambio para darlle o mesmo tratamento a todas as familias, xa que ata agora tiñan máis

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

facilidades para recibir a axuda aquelas que, por exemplo, levaban os seus fillos a campamentos en xullo respecto das que os levaban en agosto.

Obxectivo e balance

O obxectivo destas melloras é seguir aumentando o número de familias que reciben esta axuda. O ano pasado, concedeuse o Bono Concilia Familia a preto de 11.000 pais, duplicando as cifras de 2022. A previsión para a convocatoria deste ano 2024 é beneficiar unhas 13.500 familias galegas para este novo inicio do curso.

Este programa forma parte das medidas de apoio ás familias e á conciliación que ten en marcha a Xunta de Galicia, tales como: a gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos, as casas niño e as casas do maior ou a tarxeta benvida.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DE 21.000 DIRECTIVOS E DIRECTIVAS GALEGAS MELLORARON A SÚA FORMACIÓN A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DA XUNTA PARA MELLORAR A COMPETITIVIDADE DO TECIDO EMPRESARIAL GALEGO

- A Administración autonómica impulsa iniciativas e programas neste eido que buscan mellorar as habilidades dos equipos de dirección e mandos intermedios e fomentar a innovación e eficiencia das empresas galegas
- A través do programa Capacita Directivos, promovéronse máis de 90 actividades nas que participaron máis de 19.000 asistentes, en presencial e en liña, que puideron afondar en temas estratéxicos para a industria de Galicia
- A liña complementa outras iniciativas como os Obradoiros de dixitalización, sustentabilidade e loxística avanzada, que suman máis de 160 talleres con máis de 1.250 asistentes, e o programa Fórmate Internacional, que conta con máis de 1.200 profesionais de empresas de distintos tamaños e sectores nas actividades formativas

O Consello da Xunta coñeceu hoxe do informe de balance das actuacións que se están a promover desde a Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, para mellorar a competitividade dos equipos directivos das empresas galegas. Máis de 21.000 profesionais tomaron parte nas diferentes iniciativas e programas que o Goberno galego está levando a cabo para fortalecer as súas competencias directivas e a capacidade competitiva, mellorando as habilidades de persoal directivo e mandos intermedios e fomentando a innovación e eficiencia no tecido empresarial de Galicia.

O obxectivo é dotar o empresariado e equipos de dirección das ferramentas necesarias para afrontar os retos actuais do mercado global e asegurar o crecemento sustentable das empresas galegas, promovendo a profesionalización da xestión empresarial e o desenvolvemento de proxectos innovadores que permitan ás empresas galegas competir tanto a nivel nacional como internacional.

Un eido no que destaca o programa Capacita Directivos, que suma dez edicións que inclúen a organización de encontros que potencian o talento e a formación ao tempo que permiten concienciar e promover a colaboración entre empresas, emprendedores, administracións, clústeres e centros de coñecemento.

O programa ten permitido ata o de agora realizar máis de 90 actividades formativas nas que participaron arredor de 19.000 asistentes, xa fose en presencial ou en liña. Así, ata a data téñense celebrado distintos encontros que afondaron en materias como a Intelixencia Artificial, o Big Data, a sustentabilidade ou nalgunha das industrias estratéxicas no presente e o futuro de Galicia, como a moda, a biotecnoloxía, as TIC, o sector alimentario, as enerxías renovables, a industria aeronáutica e aeroespacial, a loxística, o turismo, a industria do envellecemento activo ou a mobilidade avanzada e sustentable.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste marco, a capacitación de directivos convértese nunha ferramenta estratéxica para asegurar a adaptabilidade e o éxito continuo dunha empresa. Por este motivo, e xunto ao Capacita Directivos, a Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, está a impulsar outras iniciativas, como os Obradoiros de dixitalización ou o programa Fórmate Internacional.

No caso dos obradoiros, o obxectivo é crear espazos de colaboración entre as empresas galegas na preparación de proxectos máis avanzados e de maior significación cara aos retos principais da economía.

Estes talleres actúan como xeradores de proxectos que, máis tarde, poden presentarse a convocatorias de axudas. A través deles, as empresas poden explorar solucións tecnolóxicas e vías de colaboración na implementación de ferramentas dixitais, na procura de desenvolver e implantar procesos ou produtos máis sustentables ou melloras a prol dunha función loxística máis avanzada, así como oportunidades de hibridación intersectorial.

Desde a posta en marcha desta liña, o goberno galego promoveu máis de 160 obradoiros de dixitalización, con máis de 1250 asistentes e un investimento de máis de 2,7 millóns de euros.

Pola súa banda, o programa Fórmate Internacional suma máis de 1200 profesionais inscritos de empresas de distintos tamaños e sectores nas actividades formativas. Deste xeito, ponse á disposición dos empresarios e equipos directivos información actualizada sobre as tendencias, cambios e operativa no ámbito da internacionalización, facilítase a saída ao exterior de pemes e autónomos, e increméntase a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA AUTOMATIZACIÓN INTELIXENTE DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS CO USO DA ROBÓTICA E A INTELIXENCIA ARTIFICIAL EN MÁIS DE 30 PILOTOS EN MARCHA

- O emprego das tecnoloxías evitales aos empregados a realización de tarefas repetitivas e permite que poidan realizar outras de maior valor engadido
- O obxectivo é estender o uso destas tecnoloxías de forma progresiva a todos os procedementos que o requiran e incorporalas aos de nova creación para avanzar cara a unha tramitación integramente dixital

A Xunta de Galicia está a aplicar tecnoloxías de robotización e intelixencia artificial aos seus procedementos administrativos para incrementar a eficiencia na xestión, liberando aos empregados públicos de realizar tarefas repetitivas como a revisión de grandes volumes de datos e procesos recorrentes, de xeito que se poidan dedicar a tarefas de maior valor engadido.

En total, son 31 os procesos automatizados, 22 deles en marcha e outros 9 que se irán desenvolvendo ata finais de ano. Entre febreiro e agosto deste ano, a automatización en marcha liberou os empregados públicos dunhas 12.000 horas de tarefas recorrentes, que puideron dedicar a tarefas de maior valor para os cidadáns e para a propia administración.

O obxectivo é estender o uso destas tecnoloxías de forma progresiva a todos os procedementos que o requiran e incorporalas aos de nova creación para avanzar cara a unha tramitación integramente dixital. Con este obxectivo, a Xunta puxo en marcha en 2022 a plataforma de automatización intelixente e desenvolveu un plan para avanzar no seu uso.

O plan establece unha metodoloxía cos diferentes departamentos da Xunta para identificar que procesos son susceptibles de ser automatizados, como abordar o proceso e o seu seguimento, ademais do acompañamento e formación aos empregados públicos implicados.

Algúns dos procedementos nos que se está aplicar a automatización intelixente son o rexistro das autopsias no INE, un trámite que realizan mensualmente os forenses do Imelga e que lles evita ter que mecanizar manualmente os datos dunhas 2.100 persoas cada ano; ou a xestión das altas e baixas das aplicacións corporativas que se realizan con cada traslado de unidade, unhas 10.000 ao ano.

Ata o de agora a comprobación de determinados datos vinculados a estes trámites viñan sendo realizadas por unha ou varias persoas. Agora é un software específico o que realiza esta tarefa repetitiva, de maneira automática e coa máxima precisión. Son, na maioría dos casos, procesos internos da Administración nos que a automatización

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

permite axilizar os procedementos e mellorar tanto os tempos como a calidade do servizo á cidadanía e o desempeño dos empregados públicos.

III Plan de Administración e Goberno Dixital

A posta en marcha da Plataforma de automatización intelixente, financiada con fondos achegados polo Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (MRR), enmárcase nas medidas do III Plan de Administración e Goberno Dixital 2025, para impulsar a eficacia na Administración, facilitar o traballo dos empregados públicos e ofrecer un mellor servizo á cidadanía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

TPV VIRTUAL, PAGAMENTO EN CONTA E BIZUM SON AS CANLES MÁIS EMPREGADAS POLOS CIDADÁNS GALEGOS PARA SALDAR AS SÚAS DÉBEDAS TRIBUTARIAS

- A Xunta continúa habilitando novas formas de pagamento para facilitar o cumprimento das obrigas tributarias a todos os galegos e galegas
- O pagamento mediante xiro postal veu cubrir o oco que existía no medio rural para realizar este tipo de trámites

TPV virtual, pagamento e conta e bizum son as canles máis empregadas polos cidadáns galegos para saldar as súas débedas tributarias. Así se desprende dun informe presentado ao Consello de goberno polo conselleiro de Facenda e Administración Pública no que se realiza un balance dos medios de pagamento habilitados pola Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) nos últimos anos e do seu uso.

O informe constata que a Xunta continúa habilitando novas formas de pagamento para facilitar o cumprimento das obrigas tributarias a todos os galegos e galegas, un compromiso que o Goberno galego está a cumprir. Deste xeito, a través da Atriga, reforza e avanza na información e asistencia aos contribuíntes ademais chegar ao cidadán a xanela para realizar o pagamento dos seus tributos.

Transferencia bancaria e xiro postal

A transferencia bancaria é o método habilitado de xeito máis recente e permite que todos os cidadáns que non teñan unha conta aberta en entidades colaboradoras poidan realizar o pagamento das débedas coa facenda galega de xeito sinxelo.

Pola súa banda, a utilización do xiro postal habilitouse pensando en dar servizo aos cidadáns que viven no medio rural, que tiñan máis dificultades para acceder a unha oficina bancaria.

As canles en cifras

O pagamento a través do TPV virtual a través da Oficina Virtual Tributaria (OVT) supuxo un grande avance, ao permitir o uso da tarxeta de crédito ou débito de calquera entidade bancaria e evitar desprazamentos aos usuarios. No ano 2023 realizáronse máis de 221.000 operacións cun importe por riba dos 12 M€ e neste ano, ata o 31 de agosto, van xa preto de 215.000 operacións por importe de algo máis de 11 M€.

A domiciliación bancaria é, desde a súa posta en marcha no ano 2020, unha das opcións máis usadas polos contribuíntes para o pagamento dos seus impostos autonómicos. Desde entón ata agosto desde ano 2024 ordenáronse máis de 51.000 domiciliacións por un importe próximo aos 200 M€.

En abril do ano pasado, a Atriga estableceu o uso da plataforma Bizum como canle de pagamento de tributos. Desde a súa implantación ata agosto desde ano, realizáronse preto de 73.000 operacións por este método, por importe de máis de 3 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outras formas de pagamento

Desde o ano 2022, é posible utilizar, ademais dos TPVs virtuais, os TPVs físicos nas delegacións territoriais da Atriga para o pagamento do Imposto de Sucesións e Doazóns (ISD) e do imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AXD), o que facilita a resolución do trámite nunha soa visita á oficina, en lugar de ter que pasar antes por unha entidade bancaria.

Tamén se poden aboar os impostos a través dos caixeiros automáticos dalgúns bancos e a Atriga traballa para estendelo a máis entidades colaboradoras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA O INICIO DA NOVA ESTRATEXIA DE VACINACIÓN FRONTE AO VIRUS DO PAPILOMA HUMANO PARA INMUNIZAR 27.000 VARÓNS NADOS ENTRE 2006 E 2009 A PARTIR DESTE MÉRCORES

- Destaca que con esta medida Galicia adiantase á recomendación da Comisión Nacional de Saúde Pública e amplía desde esta semana a vacinación a rapaces menores de 18 anos
- A evidencia científica motiva un cambio na pauta de inmunización, que pasa a unha única dose
- O investimento da Xunta nesta campaña de vacinación achégase aos 700.000 euros
- Preténdese reducir a incidencia dos cancros asociados ao virus do papiloma humano en nenos e diminuír a aparición de lesións precancerosas e cancros en nenas
- A porcentaxe de cobertura vacinal en nenas desde que se incluíu no seu calendario de inmunización aos 12 anos está próxima ao 100 %

O Consello da Xunta abordou hoxe o informe da Consellería de Sanidade que recolle a nova estratexia de vacinación fronte ao virus do papiloma humano (VPH) en Galicia e que, tal e como informou o presidente Alfonso Rueda, "a partir deste mércores 18 de setembro ofrecerá a vacina aos nenos varóns nados entre o 2006 e o 2009", polo que a previsión é "chegar a 27.000 nenos que agora quedaban fóra do calendario para esta vacina". Para desenvolver esta campaña no ano 2024, a Xunta investirá 682.267 euros.

Desta forma, Galicia adiantase á recomendación da Comisión Nacional de Saúde Pública de implantar a vacinación dos nenos menores de 15 a 18 anos e cunha única dose en lugar de con dúas, xa que a evidencia científica actual demostra a súa eficacia en persoas sen contacto previo co virus. Así, a Dirección Xeral de Saúde Pública non deixa que a cohorte de nados en 2006 perda a oportunidade de vacinarse fronte ao VPH.

O obxectivo principal desta medida, tal e como apuntou Rueda, é "reducir a incidencia de cancros asociados ao virus do papiloma humano" en varóns e, ademais, obter unha protección cruzada nas nenas. En concreto, a vacinación diminuírá a incidencia en nenos de cancros orofarínxeos, anais e de pene causados polos tipos de VPH oncoxénicos contidos na vacina e de verrugas xenitais causadas polos tipos non oncoxénicos. En nenas, indirectamente, contribuirá a diminuír a aparición de lesións precancerosas e cancros de cérvix, vulva e vaxina. "A vacinación é fundamental e efectiva", apuntou.

Unha única dose

Ao cambiar a pauta de vacinación e reducirse a unha única inxección, é previsible un aumento das coberturas. Actualmente, a porcentaxe de adherencia en nenas desde que se incluíu no seu calendario vacinal aos 12 está próxima ao 100 %, en nadas desde 2006 a 2010. No caso dos nenos, a cohorte de 2010 chega a unha cobertura próxima ao 93 %; e, no referido aos nados entre 2006 e 2009 que non tiñan prescrita por calendario a vacina do VPH, a cobertura non chega ao 50 %. Dos 45.000 nenos nados neste período,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

uns 27.000 non teñen ningunha dose e agora a Xunta ofrécelles a opción de seren vacunados.

Deste xeito, Rueda indicou que Galicia mantén "o mellor calendario de vacinación do mundo" polo número de vacinas ofertadas e as idades incluídas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A PRIMEIRA REUNIÓN ABERTA Á CIDADANÍA PARA ENRIQUECER O PLAN DE USOS DO TEATRO FRAGA CELEBRARASE MAÑÁ

- O Consello informa hoxe dos seguintes pasos que dará a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra neste proxecto
- Ambas administracións apostan porque a sociedade xogue un papel fundamental na recuperación deste espazo emblemático para convertelo en centro pioneiro e de referencia da cultura de Galicia e norte de España
- O encontro celebrarase na sede da Xunta en Vigo e forma parte da escoita activa aberta xa en agosto coa caixa de correos virtual, na que xa se teñen recibido preto de 200 propostas de entidades culturais e particulares
- Este proceso, incluído na campaña 'O mellor espazo busca o mellor contido', completárase con outras xuntanzas con diferentes colectivos e representantes do sector

A Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra celebrarán mañá na Delegación do Goberno en Vigo a primeira reunión aberta a toda a cidadanía para enriquecer o Plan de usos do Teatro Fraga. O obxecto deste encontro é coñecer de primeira man as propostas e suxestións de todos os vigueses e viguesas e deseñar, así, unha senda compartida para convertelo nun centro de desenvolvemento cultural pioneiro e referente na Comunidade galega e no noroeste peninsular.

Así se deu conta no informe da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude avaliado hoxe na reunión do Consello que inclúe os seguintes pasos que darán a Xunta e a Deputación para a apertura do antigo Teatro Fraga, inmoble pechado desde 2011 e que está valorado como unha xoia da arquitectura civil. Considerado un edificio emblemático, conta con máis de 7.000 metros cadrados no pleno centro de Vigo e forma parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.

Polo tanto, tras a súa compra este verán por máis de 9,3 millóns de euros coa Deputación de Pontevedra, a súa recuperación vai supoñer un fito cultural e social de primeira magnitude non só para esta cidade, senón para toda Galicia, xa que se vai reabrir para o seu uso público un edificio cun enorme simbolismo.

Por este motivo, ambas as administracións entenden que a sociedade ten que xogar un papel fundamental no deseño do futuro plan de usos do Teatro Fraga. Con esta intención púxose en marcha a campaña *O mellor espazo busca o mellor contido*, coa que se procura levar a cabo unha reflexión colectiva coa participación activa da poboación sobre o futuro e as oportunidades que se abren coa súa reapertura.

Deste xeito, a iniciativa desenvólvese a través de dúas vías: unha caixa de correo electrónico, na que xa se levan recibidas numerosas achegas, e a programación de varias xuntanzas abertas á cidadanía, cuxo primeiro encontro terá lugar mañá e que continuarán nos vindeiros meses con diversos axentes culturais, sociais e económicos da cidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre salientar neste sentido que se está ante un recurso cultural de gran potencial para o fortalecemento da industria, o impulso á creación e o empuxe á oferta cultural, na que se vai apostar pola innovación, dixitalización e sustentabilidade.

Preto de 200 propostas a través da caixa de correos virtual

A caixa de correos virtual está a ter unha grande acollida, como así o reflicten as preto de 200 achegas rexistradas desde que se abriu o pasado 23 de agosto. Así, permanecerá en funcionamento ata finais de setembro, polo que poderán seguir enviando as súas propostas ao enderezo propostas@teatrofraga.gal tanto entidades como particulares.

Con esta apertura á sociedade procúrase incorporar as súas demandas para construír con ela o mellor proxecto cultural para Vigo, Galicia e noroeste da península, xa que se debe lembrar que a sociedade civil reclamou en reiteradas ocasións, ao longo destes anos de peche do Teatro Fraga, que o edificio retomase a súa actividade, e que non se perdese o importante capital histórico e o seu simbolismo para a historia da cidade.

Programación ambiciosa, incluídas iniciativas de carácter internacional

No informe do Departamento de Cultura do Goberno galego dáse conta da relevancia incuestionable que supón para a cidade de Vigo e tamén para o tecido cultural de Galicia reabrir o Teatro Fraga. Deste xeito dispórase dun inmovible con salientables características, en canto a tamaño e diversidade de espazos interiores. Consecuentemente, tanto Vigo como Galicia gañarán coa materialización deste proxecto un vector cultural moi significativo, apto para desenvolver programacións ambiciosas e relevantes, incluídas iniciativas de carácter internacional.

O que se prevé é aproveitar ao máximo as instalacións xa levantadas para levar a cabo unha variada programación, que incluírá eventos e espectáculos que esixen unhas dimensións como as que ofrece o inmovible, proxectos baseados na exhibición, a creación e a participación ou a instalación de propostas culturais e creativas de relevancia.

Calendario

Tras a recadación de propostas para enriquecer o futuro Plan de usos do Teatro Fraga prevese que o proxecto quede redactado neste mesmo ano e se reserve a previsión dos primeiros investimentos nos orzamentos de 2025, ano en que se fará a súa presentación pública.

Entre 2025 e 2026, prevese a licitación e adxudicación das obras, coa intención de que estean rematadas e listo para o seu uso ao final deste período.

Compromiso do Goberno galego con Vigo

O antigo Teatro Cine Fraga foi ideado hai máis de 80 anos por encargo de Isaac Fraga Penedo, un dos exhibidores cinematográficos máis importantes de Galicia naquela época. A súa recuperación é un exemplo do compromiso do Goberno galego coa cidade de Vigo e tamén co apoio e pulo ao seu tecido cultural, como xa se fixo coa reforma do Hospital Xeral de Vigo para acoller a Cidade da Xustiza ou como se está facendo na antiga Audiencia Provincial coas obras do Centro Integral de Saúde Olimpia Valencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS